

## SANTIAGO DE COMPOSTELA ACOLLE A PRESENTACIÓN PARA GALICIA DO LIBRO "PATRIMONIO NATURAL"

- **Salón Nobre do Pazo de Raxoi acolleu o acto, que contou coa participación do alcalde Xosé Sánchez Bugallo, a concelleira Elvira Cienfuegos, a escritora Marilar Aleixandre, o fotógrafo Fuco Reyes e o editor Henrique Alvarellos**

O Grupo de Cidades Patrimonio da Humanidade de España, a través da súa Comisión de Medio Ambiente, presentou, no Salón Nobre do Pazo de Raxoi o libro *Patrimonio natural. Ciudades Patrimonio de la Humanidad de España*, unha obra co-editada polo Grupo de cidades e Alvarellos Editora na que, mediante un percorrido



De esquerda a dereita, Marilar Aleixandre, Elvira Cienfuegos, Xosé Sánchez Bugallo e Henrique Alvarellos.

inédito, literario e visual, búscase dar a coñecer e potenciar os valores naturais das trece cidades que integran o Grupo. A obra descobre a paisaxe oculta de cada unha delas: a contorna natural que hai máis aló dos monumentos e da arte, a flora e a fauna, os parques, os xardíns, os hortos, os patios, os ríos ou o litoral. No acto estiveron presentes o alcalde de Santiago, Xosé A. Sánchez Bugallo; a concelleira de Medio Ambiente, Elvira Cienfuegos; o editor Henrique Alvarellos; a escritora Marilar Aleixandre; e o fotógrafo Fuco Reyes, autores estes últimos, respectivamente, do texto e das fotografías do percorrido por Compostela nesta obra.

Elvira Cienfuegos mostrou a satisfacción do Concello de Santiago, porque "esta obra foi unha proposta que se realizou dende Compostela ao resto de cidades patrimonio, na liña de comezar a escribir unha historia verde destas urbes". Ademais, dixo, "alegrámonos tamén por que sexa unha empresa de Santiago quen recibise a encomenda, despois de gañar o concurso público fronte aos outros sete aspirantes", e



aínda por riba, "a autora e o fotógrafo escollidos para o capítulo de Compostela xuntan os seus grandes méritos nos campos da literatura e da fotografía coa súa senbilidade e coñecemento medioambiental".

A edil indicou tamén que "o produto final é de gran calidade en todo o seu conxunto. Na parte que lle toca á nosa cidade tentamos incidir nesa visión alternativa, diferenciada, dos pequeno detalles que configuran o noso patrimonio natural, cunha proposta suxestiva e sorprendente que convida a mergullarse nesa Compostela viva, na Compostela verde". "Non era doado compaxinar a variedade estilos, de autores e de cidades para conseguir un libro de prestixio que descubra paisaxes agochadas nestas trece cidades, mais o resultado final é enormemente satisfactorio", concluíu.



Arriba, Marilar Aleixandre; abaixo, Fuco Reyes, durante as súas respectivas intervencións.

